



CLAÚSULAS DA IX MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO "LABARTA POSE"

DO CONCELLO DE ZAS 2026

1. OBXECTO

A Mostra de Teatro Afeccionado "Labarta Pose" do Concello de Zas ten como obxectivo fomentar a creación cultural no ámbito das artes escénicas, especialmente no teatro afeccionado, promovendo a difusión do teatro feito en lingua galega.

A Mostra configúrase como unha cita aberta á participación de compañías de teatro amator, favorecendo o intercambio cultural e a dinamización da actividade escénica no ámbito local e autonómico.

O obxecto desta mostra de teatro é a contratación de 5 compañías de teatro afeccionadas, para a representación das obras previamente seleccionadas, cos requisitos e nos días que se fixan nos seguintes apartados.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todos os grupos ou compañías de teatro afeccionado con proxectos teatrais en lingua galega.

As compañías ou grupos de teatro deberán estar legalmente constituídas.

Así mesmo, as compañías ou grupos participantes deberán ter capacidade legal e administrativa para emitir a correspondente factura polos importes derivados da súa participación na Mostra, conforme á normativa vixente.

3. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección das obras participantes realizarase mediante un procedemento de avaliación artística, de acordo con criterios de calidade e adecuación a Mostra, garantindo en todo caso os principios de transparencia, igualdade e obxectividade.

Cada grupo ou compañía poderá presentar cantas obras estime oportuno, se ben unicamente poderá ser seleccionada unha.

As actuacións e demais resolucións que se produzan no marco do procedemento serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Zas.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

4.1. Para participar será obrigatorio presentar a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición da compañía ou grupo de teatro afeccionado (Anexo I), debidamente cuberta e documentación que se require nel.
- Ficha de inscrición da obra (Anexo II), debidamente cuberta.
- Anexo III debidamente cuberto.

4.2. A participación na Mostra implica a aceptación expresa da difusión de imaxes fixas ou en movemento das obras seleccionadas, con fins exclusivamente culturais e promocionais.

4.3. Será responsabilidade das compañías participantes a obtención da autorización do/a autor/a da obra. Os dereitos de representación, no caso de seren esixibles, correrán integramente a cargo das compañías participantes.

5. INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

5.1. A persoa que exerza a representación legal da compañía ou a dirección da obra deberá achegar os datos identificativos da compañía conforme ao Anexo I: nome e apelidos e DNI, así como: nome da compañía/grupo, o domicilio fiscal da compañía/grupo, código postal, localidade, teléfono/s de contacto, correo electrónico e CIF.

5.2. Así mesmo, deberá facilitarse a información relativa á obra presentada conforme ao Anexo II: título e autor/a, xénero, duración, público ao que vai dirixida, reparto (nome e apelidos dos actores/actrices e papel ou papeis que representan, sinopse, características técnicas (medidas da escenografía, potencia de luces, etc...) así como

sinalar a/as data/s preferentes para a realización da actuación no caso de resultar seleccionada a obra.

5.3. Xunto coa documentación anterior deberase achegar:

- Un vídeo do espectáculo completo, en formato DVD/CD, en lapis de memoria, tarxeta,... (copia, nunca orixinal), ou ligazón web no que poder visionalo.
- Toda a documentación posible sobre o grupo/compañía: historia, certames aos que concorreu, e páxina web, blogue, facebook,... do grupo no caso de telo/s.
- Mínimo 2 fotografías da obra en formato dixital (preferiblemente .jpeg) para a súa promoción.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte a Seguridade Social e cos Axencia Tributaria, ou autorización ao concello a consultar os datos, previa cumprimentación e sinatura do formulario para tal autorización (Anexo III)

5.4. As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Zas ou en calquera dos medios indicados no art. 16 da Lei 39/2015.

Cando a documentación se envíe por correo certificado, o/a solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao Concello de Zas a remisión da inscrición mediante correo electrónico (mostrateatrozas@gmail.com) no mesmo día (achegarse copia de correos).

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo Concello con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, con todo, os dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

No caso de enviala por correo certificado, o enderezo postal é o seguinte:

MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO "LABARTA POSE" DO CONCELLO DE ZAS



Concello de Zas

Praza do Campo N. 1

15850 - Zas, A Coruña

(O horario do Rexistro do Concello de Zas é de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.)

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de inscrición iniciárase ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e rematará o 20 de abril de 2026.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes procederase á comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes cláusulas.

Mediante resolución de Alcaldía aprobarase a relación provisional das obras presentadas admitidas ao proceso de selección. No caso de que algunha solicitude presente deficiencias ou careza de documentación, concederase ás persoas interesadas un prazo de **cinco (5) días naturais** para a súa emenda.

Finalizado o devandito prazo, e unha vez examinadas as emendas presentadas, publicarase a relación definitiva das obras admitidas, concedéndose un prazo de **dous (2) días naturais** para a formulación de reclamacións.

No suposto de non ser necesario efectuar requirimentos de emenda, a relación provisional elevarase automaticamente a definitiva, sen necesidade de agardar ao transcurso do prazo de cinco días naturais.

7. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

7.1. Todas as obras presentadas á mostra, consonte ao establecido anteriormente, serán avaliadas no marco dun procedemento de selección artística. Para a devandita avaliación teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a calidade artística global da proposta,
- a interpretación e a dirección escénica,

- a coherencia da posta en escena,
- a adecuación da obra ao carácter da Mostra,
- a viabilidade técnica da representación.

Emitirase un informe dende a área de Cultura e Deportes, que será elevado ao órgano competente.

7.3. Á vista das valoracións realizadas, elevarase ao órgano competente (o alcalde do concello de Zas) a proposta de selección, na que figurarán cinco espectáculos titulares e tres espectáculos de reserva.

O alcalde, a vista do informe emitido, resolverá.

7.4. As compañías seleccionadas realizarán as representacións das obras seleccionadas conforme ao establecido nas presentes cláusulas. Unha vez finalizadas as funcións, procederase á valoración artística das propostas representadas para a concesión das distincións previstas, atendendo ás valoracións técnicas realizadas e, no seu caso, á participación do público nos termos establecido nestas cláusulas.

O público poderá emitir a súa valoración do espectáculo ao finalizar as representacións por medio de cuestionarios que lles serán facilitados pola organización da Mostra, puntuando do 1 ao 5 a obra. A puntuación do espectáculo será a que resulta da suma de todas as puntuacións dividida polo número de votantes. A votación do público terá efectos na distinción á mellor obra elixida polo público.

8. REPRESENTACIÓNS

As funcións de presentación das obras seleccionadas na IX Mostra de Teatro Aficionado “Labarta Pose” do Concello de Zas, **realizaranse durante os sábados 23, 30 de maio de 2026 e 6, 13 e 20 de xuño de 2026, sendo o 27 de xuño a entrega de distincións da Mostra.**

No caso de que se modifique algunha data ou horario comunicarse a través da páxina web.

Aos grupos elixidos comunicaráselles o día e hora, ben por teléfono ou ben por correo electrónico. No caso de que algún dos mesmos non puidese participar, deberá comunicalo ao Concello coa maior brevidade posible e remitir un documento escrito no que quede constancia deste feito.

O horario das representacións será entre as 20:00h e as 21:00 h. O horario da entrega de distincións será a partir das 18 h.

O lugar de representación das obras seleccionadas distribuirase entre o Auditorio do Centro Sociocultural de Baio e o Auditorio de Zas.

A organización poderá cambiar o lugar e/ou hora de representación se circunstancias de forza maior o fixesen imprescindible.

Correrán a cargo dos grupos todos os custos derivados da representación, entre outros, os labores de carga e descarga, así como a montaxe e a desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

9. COMPENSACIÓN ECONÓMICA E DISTINCIÓNS

9.1. As compañías seleccionadas percibirán:

- Unha compensación económica pola representación da obra, cun importe fixo de **800,00 €**, condicionada á realización efectiva da función.
- Unha cantidade por gastos de transporte dende a sede social da compañía ata o lugar de representación. Considerando o total de quilómetros sumando a ida e a volta dun só vehículo e a tenor do cálculo da ruta máis corta da web maps.google.com e en base ao prezo do quilometraxe oficial do 2026 en base ao establecido pola Axencia Tributaria (Total quilómetros * prezo do quilometraxe que será de 0,26 euros/km).

9.2. O pagamento efectuarase previa presentación da correspondente factura, unha vez concluída a representación, e previo cumprimento das obrigas que corresponden a cada unha das compañías seleccionadas (montaxe, representación, desmontaxe, etc.).

9.3. Outorgarase seis distincións honoríficas, sen contía económica, dotadas cun trofeo e un diploma:

- Mellor obra.
- Segunda mellor obra.
- Terceira mellor obra.
- Cuarta mellor obra.
- Quinta mellor obra.
- Distinción ao mellor actor e á mellor actriz.

9.4. Distinción á mellor obra elixida polo público (espectáculo coa puntuación media máis alta), sen contía económica, dotada cun trofeo e un diploma.

9.5. O acto de entrega de distincións da Mostra está prevista para o día 27 de xuño. As compañías/grupos elixidos para a participación na Mostra comprométense a asistencia de ao menos un representante da mesma.


10. MEDIOS TÉCNICOS

O Concello de Zas porá a disposición dos grupos seleccionados os medios técnicos dispoñibles nos espazos escénicos municipais:

Auditorio do Centro Sociocultural de Baio:

- Caixa negra.
- 1 barra exterior dotada con seis focos Led RGBW de 100W con control individualizado
- 2 barras interiores dotadas con catro focos Led RGBW de 100W con control individualizado
- 1 controlador de iluminación de 48 canais con control MIDI


- 1 mesa de son de 8 canais
- Tomas de corrente a ambos lados do escenario.
- Tarima de madeira
- 2 altosfalantes de sala auto amplificados, de 300 W.
- Escenario de 6,5 metros de ancho, 7 metros de fondo e 2,8 metros de alto.
- O escenario dispón de paso traseiro e lateral.
- Camerino



Auditorio de Zas:

- 1 barra exterior dotada de 10 focos frontais.
- 1 mesa de luces.
- Mesa de son de 8 canais.
- 2 altosfalantes de sala auto amplificados, de 300W.

- Escenario de 6 m. de ancho, 4 m. de fondo e 3,70 m. de alto
- O escenario non dispón de paso lateral.
- Camerino



11. CONFORMIDADE

11.1. A participación na Mostra implica a aceptación íntegra das presentes cláusulas.

11.2. A interpretación das cláusulas corresponderá ao Concello de Zas.

Zas, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Asdo. Manuel Muiño Espasandín

ANEXO I. FICHA DE INSCRIPCIÓN DA COMPAÑÍA/GRUPO DE TEATRO AFECCIONADO

Os seguintes datos deberán ser cubertos pola persoa que exerza como representante da compañía/grupo teatral, ou polo/a director/a da obra a representar:

NOME E APELIDOS:	DNI:
NOME DA COMPAÑÍA/GRUPO:	CIF DA COMPAÑÍA/GRUPO:
DOMICILIO DA COMPAÑÍA/GRUPO:	CÓDIGO POSTAL / LOCALIDADE:
TELÉFONO 1:	E-MAIL:
TELÉFONO 2:	OUTRA FORMA DE CONTACTO:
Nº DE CONTA BANCARIA:	
Ademais destes datos, é preciso enviar (sinalar cun X o que se achega): ☐ Anexo I debidamente cuberto ☐ Anexo II debidamente cuberto ☐ Copia en DVD/CD, lapis de memoria, tarxeta ☐ Enlace web no que se poida visionar a obra: ☐ Breve historia da compañía ou grupo ☐ Listaxe de certames aos que concorreu a obra presentada, de ser o caso ☐ Páxina web, blogue, facebook, ... ☐ 2 fotografías do espectáculo en formato dixital (preferiblemente .jpeg) ☐ Anexo III debidamente cuberto ☐ Certificado bancario do número de conta onde se fará o pagamento	

ANEXO II. FICHA DE INSCRIPCIÓN DA OBRA

TÍTULO DA OBRA *:	AUTOR/A DA OBRA:
XÉNERO:	DURACIÓN:
PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDA:	DATA/S PREFERENTE/S PARA A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN (No caso de ser seleccionada a obra) ☐ Calquera ☐ 6 de xuño ☐ 23 de maio ☐ 13 de xuño ☐ 30 de maio ☐ 20 de xuño
REPARTO NOME E APELIDOS	PAPEIS
SINOPSE:	
CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS (Medidas da escenografía, potencia de luces, etc...):	

* Recordámosvos que será por conta dos grupos participantes a autorización do/a autor/autora da obra. Os dereitos de representación das obras presentadas, se así fose necesario, correrán a cargo dos grupos participantes.

ANEXO III: AUTORIZACIÓN CESIÓN DE DATOS

Dº/Dª (nome e apelidos) _____

con DNI _____, e domicilio en _____

Teléfono _____ Correo electrónico _____

Actuando (marcar o que proceda) en:

- Nome propio
- En representación de:

Nome / Razón social _____

NIF _____, actuando en calidade de _____,

para o que ostenta a capacidade necesaria,

AUTORIZA AO CONCELLO DE ZAS

A solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

Os presentes datos son certos e válidos en tanto non se lle comunique o contrario por escrito ao Concello.

_____, a ____ de _____ de 2026

SINATURA